

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 28 DE SETEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.

##### **CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello das Neves duns treitos antigos das estradas EP-4201 e EP-4202.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para a execución do Plan de sustentabilidade turística do concello da Guarda no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón de euros (1.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural para a execución do Plan de sustentabilidade Turística do xeodestino ría de Vigo e Baixo Miño: «Despensa de Galicia» no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do proxecto de decreto polo que se regula o réxime xurídico da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2022.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de construción dunha planta integral de produción de proteínas de orixe vexetal no Concello de Curtis (A Coruña), promovido por In Proteins for All, S.L
- Acordo polo que se toma razón da Orde do 13 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, por un importe total de catro millóns cento cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e sete euros (4.158.867,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, por un importe total de seis millóns cincocentos vinte e tres mil trinta e seis euros (6.523.036,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, por un importe total de tres millóns catrocentos setenta e sete mil seiscentos oitenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (3.477.684,55 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a addenda e prórroga do contrato programa 2022-2023 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Galega de Medicina Xenómica para a realización de análises xenéticas no ámbito do Servizo Galego de Saúde, por importe de sete millóns oitocentos corenta e nove mil setenta e tres euros con trinta e seis céntimos (7.849.073,36 €).

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as organizacións sindicais e empresarial no marco do proxecto FEAG-Empregal, por un importe de un millón douscentos quince mil catrocentos euros (1.215.400,00 €).
- Acordo polo que se toma razón das resolucións de concesión de subvencións derivadas da Orde do 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio para a concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Baltar para o proxecto senlleiro de humanización da zona destinada a voo libre con parapente, dentro da categoría de «Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca», por importe máximo de corenta e oito mil trescentos noventa e nove euros con noventa e un céntimos (48.399,91 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio para a concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei para o proxecto senlleiro adquisición e rehabilitación dun inmovible como local social no núcleo rural da Caridade, na categoría de «Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca», por importe máximo de oitenta e seis mil euros (86.000,00 €).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan dúas bolsas de formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior e a modificación da porcentaxe sinalada para o importe dos pagos a conta no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, polo importe total de sesenta e un mil cincocentos vinte euros (61.520,00 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o programa Xogade e avance do curso 2023/24.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a situación dos servizos ferroviarios en Galicia ante o incremento da demanda e a súa repercusión no transporte público por estrada.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe relativo ao alumnado matriculado nas ensinanzas de formación profesional no curso 2023/24.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre o programa de Respiro familiar 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta da posta en funcionamento da tecnoloxía robótica en cirurxía ortopédica e traumatoloxía.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a concesión de axudas públicas por preto de 16,5 millóns de euros ao tecido industrial do sector forestal de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A CREACIÓN DO OBSERVATORIO DA LUSOFONÍA VALENTÍN PAZ ANDRADE PARA REFORZAR OS LAZOS ENTRE GALICIA E O MUNDO LUSÓFONO**

- Destaca que asesorará ao Goberno galego en todas as medidas neste eido e actuará como foro de diálogo permanente entre as administracións e as entidades públicas ou privadas interesadas en fortalecer os vínculos coa lusofonía
- Integra a sociedade civil e as institucións con máis experiencia nesta materia e prevese que estea constituído nun prazo máximo de 6 meses

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a creación do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade co obxecto de revalorizar o galego a nivel internacional e reforzar as relacións co mundo lusófono, que tal e como lembrou conecta a través da fala unha comunidade de máis de 270 millóns de persoas.

Rueda lembrou que tradicionalmente Galicia mantén fortes lazos coa lusofonía, especialmente coa zona norte de Portugal. Neste senso, defendeu que cómpre seguir aproveitando esta “enorme vantaxe lingüística” para estreitar relacións a nivel cultural, económico ou educativo co mundo que fala portugués.

Con este obxectivo, recordou que se aprobou no 2014 a coñecida como Lei Paz Andrade. “E hoxe damos un paso mais”, valorou sobre a creación do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade, do que avanzou que ten como obxectivos asesorar ao Goberno galego en todas as medidas sobre este eido e actuar como foro de diálogo permanente entre as administracións e as entidades públicas ou privadas interesadas en fortalecer os vínculos coa lusofonía.

O presidente galego tamén adiantou que, entre as súas funcións, estará identificar as necesidades, retos e oportunidades para Galicia na área da lusofonía; fomentar a colaboración público-privada para impulsar o coñecemento da lingua portuguesa en Galicia; e propoñer actividades de intercambio e colaboración con países lusófonos.

“Trátase de impulsar medidas para consolidar Galicia nos países de fala portuguesa e estreitar lazos grazas ao noso idioma”, resumiu Rueda, quen explicou que o Observatorio estará integrado por membros da sociedade civil e as institucións con máis experiencia no eido da lusofonía. Así, terán representación o Consello da Cultura Galega, a Real Academia galega, as tres universidades, a Federación galega de Municipios e Provincias, a Confederación de Empresarios ou os centros de estudos galegos en Portugal e O Brasil.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O texto aprobado hoxe prevé que o Observatorio se constituía nun prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor do decreto.

### **Lazos lingüísticos, históricos e culturais**

A lusofonía compóñena o conxunto de países que teñen como lingua oficial o portugués, así como aquelas comunidades que comparten lazos históricos e culturais. En 1996 constituíuse a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) co compromiso de reforzar os lazos de solidariedade e de cooperación que os unen, conxugando iniciativas para a promoción do desenvolvemento económico e social dos seus pobos.

Desde que en xullo de 2021 España pasou a integrarse como Observador Asociado na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, Galicia púxose a traballar para desenvolver todo o potencial desta asociación e remarcar así a especial relación de Galicia co mundo lusófono, principal motor que animou o Estado español a integrarse na CPLP. Neste contexto, a Xunta vén traballando desde hai tempo para crear este observatorio especializado no coñecemento da lusofonía e na interacción cos países dese ámbito.

Cómpre sinalar que a lingua galega, ademais de ser un valor cultural e identitario, nos conecta cunha comunidade de máis de 270 millóns de persoas que falan portugués, unha vantaxe lingüística que supón importantes beneficios culturais, económicos e de proxección internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DAS NEVES DE SEIS TREITOS ANTIGOS DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírense á entidade local cinco treitos da estrada EP-4201, que une Setados, Ribarteme e Vide, e un treito antigo da estrada EP-4202, que comunica Tortoreos, Rubiós e Carrasqueira
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello das Neves terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello das Neves de seis treitos de dúas estradas provinciais ao seu paso polo municipio.

Trátase, concretamente, de cinco treitos antigos da estrada provincial EP-4201, que une Setados, Ribarteme e Vide, e que suman 436 metros de lonxitude; e do treito antigo da estrada provincial EP-4202, que comunica Tortoreos, Rubiós e Carrasqueira, de 831 metros de lonxitude.

O Concello das Neves e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade dos cinco treitos antigos da EP-4201 Setados-Ribarteme-Vide. Os treitos antigos correspóndese cos puntos quilométricos: 0+120, 0+537, 0+750, situados na marxe dereita; e os treitos antigos situados nos quilómetros 0+460 e 0+614, na marxe esquerda.

Ademais, tamén se formulou proposta favorable para a transferencia a prol do Concello do treito antigo da marxe esquerda da EP-4202 Tortoreos-Rubiós-Carrasqueira, de 831 metros de lonxitude, no punto quilométrico 2+900.

A transferencia destes treitos a prol do Concello das Neves tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello das Neves terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas EP-4201 e EP-4202, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

EP-4201 Setados-Ribarteme-Vide:




### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

EP-4202 Tortoreos-Rubiós-Carrasqueira:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA DOUS NOVOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA QUE POTENCIARÁN A ENOGASTRONOMÍA LOCAL EN 14 CONCELLOS DA RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO CON 2,5 M€**

- O Consello autoriza dous convenios de colaboración que permitirán implantar estas medidas para reforzar a competitividade na Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Tomiño e Tui
- Estas follas de ruta inclúen o reforzo ás festas gastronómicas, ás actividades vinculadas ao mar, a creación de rutas cicloturistas, a dixitalización ou sinalización intelixente, entre outras
- Ambos forman parte do Plan territorial enogastronomía de Galicia que ten un investimento de máis de 34M € e inclúe 13 estratexias de sustentabilidade en destino a desenvolver en 80 concellos galegos, cuxo investimento estará 100 % mobilizado a finais de ano.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición de dous convenios de colaboración para promover un turismo sustentable baseado nos recursos enogastronómicos de 14 concellos da ría de Vigo e do Baixo Miño cun investimento de 2,5M €. Os convenios permitirán a posta en marcha de dous plans de sustentabilidade turística en destino que incluírán medidas de mellora da eficiencia enerxética, avances cara a transición dixital ou o impulso a determinados recursos turísticos naturais e gastronómicos locais para reforzar a súa competitividade como destino.

Así, por unha banda, acordouse a subscrición do convenio entre Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para o seu Plan de sustentabilidade turística cun investimento de 1 millón de euros ata 2025. Entre as actuacións previstas inclúe a potenciación das súas festas gastronómicas e o impulso de actividades vinculadas cos recursos do mar, como visitas turísticas ás lonxas. Tamén se prevén medidas para favorecer a transición verde e sustentable con melloras de xestión de residuos en festas gastronómicas ou a protección e rexeneración do ecosistema dunar da praia do Muíño. Aplicaranse, tamén, accións de eficiencia enerxética nalgúns dos seus recursos turísticos como o Museo do Mar ou a Senda do Trega e afondarase na dixitalización da comercialización dos servizos turísticos municipais, entre outras.

O Consello da Xunta autorizou tamén outro convenio coa Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural para desenvolver o Plan de sustentabilidade turística co nome Despensa de Galicia no xeodestino ría de Vigo e Baixo Miño, que, ademais da Guarda tamén inclúe os concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Tomiño e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tui. Ten un investimento de 1,5M € ata 2025 e, entre as accións previstas, inclúense actividades como a creación de rutas cicloturistas en entornos enogastronómicos, un plan de sinalización intelixente, a creación de contidos dixitais vinculados á enogastronomía, a posta en marcha dunha rede de miradoiros e fomento do turismo astronómico ou a creación de produtos de turismo industrial vencellado á gastronomía, entre outras.

### **Aumentar a competitividade**

Ambos plans están incluídos no Plan territorial de sustentabilidade turística enogastronomía de Galicia que a Xunta de Galicia está a executar con fondos europeos Next Generation por importe de 34,5M € ata o 2025 para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos turísticos, baixo criterios de eficiencia e aproveitamento dos recursos.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable son os obxectivos arredor dos cales se vertebra, cun forte contido na dixitalización e na innovación.

Este plan territorial galego inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao sector de todo o territorio como axudas ao embelecemento e adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria ou a potenciación da mobilidade sustentable, entre outras. Entre os compromisos do plan está, ademais, a posta en marcha de 13 plans de sustentabilidade turística en destino dos que se benefician un total de 80 concellos galegos e dos que xa foron autorizados en Consello da Xunta a sinatura con 8 diferentes entidades locais encargadas da súa execución por importe de 11,6 millóns de euros. A finais de ano está previsto que estea mobilizados o 100 % do orzamento destinado a estes plans, un total de 19,6 M€ (17M € dos plan territorial e 2,6M € do Plan nacional).

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA A LEI DO LITORAL CUNHA COMISIÓN QUE COORDINARÁ A ELABORACIÓN E APLICACIÓN DOS NOVOS INSTRUMENTOS PARA ORDENAR A FRANXA COSTEIRA**

- O Consello dá o visto e praxe á tramitación do decreto para crear este órgano, de carácter interdepartamental e que servirá de ponte entre todos os departamentos implicados no desenvolvemento das políticas e medidas previstas na norma galega
- Entre as funcións da comisión, cómpre subliñar a de garantir que as leis sectoriais integren as novas disposicións relativas á ordenación e xestión integrada da costa nos plans referidos a materias tales como pesca e marisqueo, contaminación mariña, emerxencias, protección da paisaxe, turismo ou cambio climático, entre outros
- Séntanse, deste xeito, as bases para empezar a facer efectivos os usos e actuacións estratéxicos sobre o litoral que veñen definidos e amparados polo marco legal

A Xunta impulsará a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia coa constitución da Comisión de coordinación encargada de supervisar a elaboración, posta en marcha e seguimento dos instrumentos de ordenación nos que se apoia a nova norma para garantir o cumprimento do seu principal obxectivo: xestionar de forma integral e en clave galega as actividades humanas no litoral para garantir o aproveitamento sostible dos seus recursos e a conservación dos ecosistemas costeiros.

Con este fin, o Consello aprobou hoxe iniciar a tramitación do decreto polo que se creará a Comisión interdepartamental de coordinación de ordenación do litoral, un paso máis de cara a facilitar a aplicación da nova lei autonómica tras a súa entrada en vigor o pasado 2 de agosto, xa que servirá de ponte entre os diferentes departamentos implicados no desenvolvemento das políticas e medidas previstas na mesma en aras de simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados coa súa execución.

Entre as funcións da futura comisión, cuxa posta en marcha está prevista para finais deste mesmo ano, cómpre subliñar a de garantir que as diferentes leis sectoriais galegas integren as novas disposicións relativas á ordenación e xestión integrada da costa nos plans referidos a materias tales como pesca, marisqueo e acuicultura, contaminación mariña, loita contra o cambio climático, emerxencias, protección da paisaxe, turismo, planificación hidrolóxica, ou ordenación forestal, entre outros.

Ademais, o futuro órgano de coordinación tamén impulsará, cando sexa procedente, as modificacións normativas ou de xestión e tramitación que poidan favorecer a xestión integrada do litoral que se persegue coa nova lei. De igual xeito, encargárase de elaborar os criterios interpretativos ou as directrices que resulten necesarias para

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

promover que os diferentes instrumentos para a ordenación do litoral previstos na norma conformen un único sistema de planificación, integrado e coherente.

A comisión estará presidida pola vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, como responsable do departamento competente en materia de ordenación do litoral; e, dada a súa función de coordinación e o seu carácter interdepartamental, tamén contará con 6 vogais doutras tantas Consellerías afectadas en maior ou menor medida polo contido e aplicación da nova norma.

### **Pioneira en regular a costa en toda a súa extensión**

Coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, Galicia converteuse na primeira comunidade española en regular por lei a franxa costeira en toda a súa extensión, é dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

Partindo da consideración da costa desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica), a norma establece unha nova zonificación desta franxa, con tres grandes áreas diferenciadas en función do seu estado de conservación e necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral.

Tamén delimita as actuacións e usos estratéxicos que permitirán o seu asentamento e a ocupación da costa e con ela dáse un paso adiante decisivo para que Galicia poida asumir, ao fin, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o Estatuto de Autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre (DPMT), un proceso iniciado hai case 40 anos.

Para avanzar no cumprimento destes obxectivos cómpre lembrar que a propia lei autonómica prevé ata 8 instrumentos de ordenación do litoral específicos: a estratexia de economía azul; as directrices de ordenación do litoral; o plan de ordenación costeira; o plan de ordenación mariña; os plans especiais de ría; os plans especiais das praias; os plans sectoriais; e os plans de prevención e loita contra a contaminación do litoral.

Todos estes instrumentos, no seu conxunto, forman un sistema integrado de ordenación da costa de aí a importancia do papel da Comisión de coordinación, xa que a ela lle corresponderá elaborar os criterios e directrices necesarios para garantir unha xestión correcta e integrada dos diferentes instrumentos de ordenación previstos na lei. Séntanse as bases, así, para empezar a facer efectivos os usos e actuacións estratéxicos sobre o litoral que veñen definidos e amparados polo novo marco legal autonómico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2022 GALICIA CUMPRIU UN ANO MÁIS COS OBOECTIVOS DE DÉFICIT E DÉBEDA FIXADOS NO SEU ORZAMENTO**

- Rueda resalta que estes datos amosan que Galicia é unha comunidade “cumpridora e reponsable no manexo dos fondos públicos”
- Salienta que se rematou o exercicio cun déficit do 0,5 % do PIB, por debaixo do previsto inicialmente
- Galicia pechou o ano cunha taxa de endebedamento do 17,2 % sobre o PIB
- Destaca que Galicia é a comunidade do rexime común “que menos incrementou a súa débeda desde 2008”
- En 2022 a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto non financeiro por riba do 99 %, que superou o 105 % nos gastos correntes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe a Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2022, que mostra que “Galicia cumpriu os obxectivos de déficit e de débeda pública recollido no seu orzamento”. “Isto constata que Galicia é unha comunidade cumpridora e responsable no manexo dos fondos públicos, é dicir, en non gastar o que non se ten e facer unha política con sentidoño respecto ao endebedamento”, indicou o titular do Goberno galego.

Tal e como explicou Rueda, o documento presentado hoxe no Consello mostra que o Goberno galego pechou o exercicio cun déficit do 0,5 % do PIB -é dicir, unha décima menos do previsto inicialmente- e cunha taxa de endebedamento do 17,2 %, tres décimas por debaixo do previsto.

En concreto, Galicia pechou o 2022 cunha execución do orzamento consolidado do 99 % e un déficit orzamentario de 377 M€. O déficit do 0,5 % é unha décima superior ao avanzado no mes de abril derivado de cambios de criterio por parte do Goberno central e por axustes contables.

“Galicia foi no 2022 a terceira comunidade de réxime común con menor déficit e tamén a comunidade de réxime común que menos incrementou a súa débeda desde 2008”, salientou.

A Conta Xeral tamén mostra que o ano pasado a Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado de gasto do 99 %, un indicador aínda maior -do 105,5 %- no gasto corrente, que engloba todo o gasto social da Administración galega, especialmente o gasto sanitario, educativo e no eido dos servizos sociais.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Período medio de pago**

Na Conta Xeral pódese apreciar que Galicia non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que tamén foi unha das que liderou o tempo de pagamento a provedores. En concreto, no remate de 2022 o período medio de pagamento de Galicia foi de 14,9 días, fronte aos 25 de media das comunidades autónomas, o que confirma que Galicia pagou as súas facturas case na metade de tempo que o conxunto das comunidades. "Galicia é a terceira comunidade que mellor pagou aos provedores", indicou.

Outra das magnitudes que permiten analizar a xestión orzamentaria e a sustentabilidade das finanzas públicas é o aforro bruto, medido como a capacidade de financiar gastos de capital con ingresos correntes. Este indicador mostra que as finanzas galegas reservan arredor do 5% dos seus ingresos correntes (489 M€) para financiar operacións de capital que contribúen á mellora económica de Galicia no medio prazo.

En canto ao esforzo investidor, o ano pasado Galicia destinou o 13 % do total do gasto non financeiro a investimentos.

Con estes indicadores, tal e como subliñou Rueda o Executivo galego reafirma a súa aposta por un modelo de crecemento baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración.

A Xunta de Galicia remitirá agora a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA UNHA PLANTA BIOTECNOLÓXICA INTEGRAL DE PRODUCCIÓN DE PROTEÍNAS DE ORIXE VEXETAL EN CURTIS**

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación aproba a declaración deste proxecto impulsado pola empresa In Proteins for All cun investimento de 16,9 M€
- A iniciativa prevé utilizar unha tecnoloxía de extracción e transformación de proteínas máis sustentable e respectuosa co ambiente ao non requirir o uso de disolventes químicos prexudiciais para a saúde humana
- A planta complementarase, no futuro, cun centro de innovación e desenvolvemento para impulsar tecnoloxías innovadoras para desenvolver novos ingredientes biotecnolóxicos para a alimentación e a saúde
- Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa que a Xunta busca afianzar Galicia como unha terra de oportunidades, potenciando a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade
- Con este xa son 21 os proxectos declarados como iniciativas empresarias prioritarias en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria dunha planta integral de produción de proteínas de orixe vexetal no concello de Curtis. A empresa In Proteins for All -unha start up creada en 2022 cuxos socios xa puxeron en marcha unha empresa biotecnolóxica de éxito en EEUU- promove o proxecto cun investimento de 16,9 M€.

A promotora pretende, con esta iniciativa, construír a primeira planta integral de produción de proteínas vexetais en España, para fornecer de forma inclusiva e global produtos e ingredientes de orixe vexetal de alta calidade, sustentables e saudables a toda a industria agroalimentaria.

Para iso desenvolverá un sistema de produción híbrido onde se combina a extracción seca de proteínas concentradas ao 50 % a partir de sementes ou fariñas de legumes e un procedemento húmido posterior para transformar esas proteínas concentradas en proteínas illadas e purificadas e en proteínas funcionais. Esta opción é máis sustentable e respectuosa co ambiente, xa que non require o uso de disolventes químicos prexudiciais para a saúde humana. Ademais, impulsarase unha liña de amidóns con diversas aplicacións na industria alimentaria como a obtención de produtos de panadería ou pastas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A planta complementarase, no futuro, cun centro de innovación e desenvolvemento para optimizar os procesos produtivos e impulsar tecnoloxías innovadoras en bioprocesos para desenvolver novos ingredientes biotecnolóxicos para a alimentación e a saúde.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera tanto o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 16,9 M€) como o emprego-o mínimo é de 25 postos de traballo directos baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa, e prevese a creación de 45-; ademais, complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como, neste caso, a biotecnoloxía e o agroalimentario.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso, ademais, contribuirá a fixar poboación no rural.

Deste xeito xa son 21 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes) e agora esta planta biotecnolóxica en Curtis.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas, e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O BONO ACTIVA MOBILIZARÁ 8,5 M€ NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS GALEGOS DE PROXIMIDADE

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación destina 2,5 millóns á segunda convocatoria do ano deste programa co que se busca incentivar a demanda e atraer nova clientela
- A través desta iniciativa, que ten tamén por obxectivo contribuír a reducir o impacto da inflación nas familias, as persoas consumidoras disporán dun desconto de 30 euros para as compras que realicen nos comercios adheridos
- Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga e uso desde o 9 de outubro

A Xunta convoca a segunda edición deste ano do bono Activa comercio co que se prevé mobilizar 8,5 millóns de euros en vendas, co obxectivo de incentivar a demanda e atraer nova clientela aos establecementos de proximidade. O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá destinar un total de 2,5 M€ a este programa, que ten tamén por obxectivo contribuír a reducir o impacto da inflación das familias.

Así, como en anteriores ocasións, as persoas consumidoras poderán descargar na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) un bono desconto de 30 euros para as compras que realicen nos comercios adheridos. Os bonos terán formato dixital QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. Só se permitirá descargar un único bono por persoa. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, ás compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalle un desconto de 5 euros. A rebaixa será de 10 euros para as compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50 euros. A partir desta cantidade, o desconto alcanzará os 15 euros.

Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga e uso por parte dos consumidores desde o 9 de outubro e ata o 31 de decembro, salvo esgotamento previo do orzamento destinado. Pola súa banda, os comercios que se queiran adherir a esta iniciativa poderán facelo a partir do 30 de setembro.

Como na edición anterior deste ano non se limitará o número de usuarios que poden descargarse os bonos, senón que cando o importe total dos descontos realizados alcance os 2,5 millóns de euros, os bonos descargados xa non se poderán utilizar.

Con esta nova edición a Consellería de Economía, Industria e Innovación amosa o seu compromiso tanto co comercio local como coas persoas consumidoras convocando este programa que sempre tivo unha repercusión moi positiva. De feito, desde a súa posta en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

marcha no ano 2021 xa se mobilizaron preto de 54 M€ neste sector favorecendo máis de 950.000 transaccións nos establecementos comerciais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONSOLIDA UN INVESTIMENTO DE CASE 54 M€ EN ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS NO PERÍODO 2019/2024**

- O Consello da Xunta autoriza unha nova inxección de máis de 14 M€ neste ano e o próximo para impulsar esta liña prioritaria do Plan de financiamento universitario
- O obxectivo é intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos
- Entre outros conceptos, os novos convenios inclúen o financiamento basal dos centros de excelencia, así como a captación e retención de talento investigador
- Finánciase o impulso e divulgación científica, estratexias para promover as titulacións duais e de excelencia e accións para a especialización dos campus
- As achegas destinaranse tamén a obras, acondicionamento de laboratorios e adquisición de equipamento tecnolóxico de alta especialización

A Xunta vai consolidar un investimento de case 54 M€ en accións estratéxicas de I+D+i nas universidades públicas galegas no período 2019/2024 a través da sinatura de tres novos convenios de investigación coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa de Vigo (UVigo) e coa da Coruña (UDC), autorizados hoxe no Consello da Xunta. Estes acordos supoñen unha nova inxección de 14,1 M€ por parte do Goberno galego nos anos 2023 e 2024 para impulsar esta liña prioritaria do Plan galego de financiamento universitario, creada para unificar os esforzos impulsados neste ámbito.

As accións que se enmarcan nestes convenios están dirixidas ao fortalecemento das súas infraestruturas científicas e equipamento tecnolóxico, principalmente co obxectivo de intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

Entre outros conceptos, inclúen o financiamento basal dos centros de excelencia da Rede de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (CIGUS), así como a captación e retención de talento investigador. Finánciase, así mesmo, o impulso e divulgación científica, estratexias para promover as titulacións duais e accións para a especialización dos campus, así como as obras, o acondicionamento de laboratorios e adquisición de equipamento tecnolóxico de alta especialización.

No caso da USC, marca como áreas prioritarias do convenio a actualización de infraestruturas científicas, as estruturas de investigación e captación de talento, as accións transversais de I+D+i, as iniciativas en materia de mestrados e graos, as obras singulares e as accións en divulgación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Melloras no Observatorio e novo centro de investigación**

A primeira delas executarase a través da adquisición de todo tipo de equipamento (detector de raios X de alta sensibilidade, sistema de visualización baixo luz polarizada, microscopio confocal Raman...), acondicionamento, construción e adaptación de laboratorios, mentres que a segunda ten como finalidade reforzar os centros de investigación e potenciar a actividade investigadora de excelencia. Neste caso as achegas destinaranse á incorporación de talento investigador, a impulsar a participación dos grupos de investigación nas diversas convocatorias de proxectos internacionais, á elaboración dos plans estratéxicos dos centros de investigación especializados e á ampliación de contratos posdoutorais. Tamén se financiará ao seu abeiro a parte da actividade dos centros de investigación, incluídos e non incluídos na Rede CIGUS.

No que atinxe ás accións transversais, desenvolveranse as de transferencia de investigación, as xornadas de portas abertas ou a celebración de congresos. Tamén prevé a mellora da Fundación Rof Codina, en concreto a posta en marcha dun módulo para porcino e a contratación de persoal colaborador investigador.

A cuarta liña prioritaria, en mestrados e novos graos, recolle a posta en marcha dunha experiencia piloto de mestrado dual, cun proxecto formativo común que se desenvolvería de forma complementaria nun centro universitario e nunha entidade colaboradora (empresa, institución, organización social ou sindical ou administración). Tamén se inclúen accións en materia de innovación educativa, de mellora dos estudos de doutoramento, da calidade dos mestrados que contan con mención de excelencia e dos laboratorios do grao en Bioquímica, entre outros.

O apartado de obras singulares distribuirase en actuacións para rematar a implantación do grao en Intelixencia Artificial, na rehabilitación do edificio Chalé dos Catedráticos como sede dun novo centro de investigación no ámbito das Ciencias Sociais e Humanidades e na adecuación e reacondicionamento de diferentes espazos de investigación.

Finalmente, a liña de accións de divulgación inclúe tanto a rehabilitación e ampliación do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, que acolle gran número de actividades divulgativas para escolares e todo tipo de público, así como a adaptación de espazos para a Rede de Centros de Divulgación, que está a conformar a USC para fomentar o interese pola ciencia e a cultura científica na sociedade.

### **Captación e retención de talento**

Pola súa banda, a UVigo centra as áreas obxecto do convenio na captación do talento, os centros, as estruturas de investigación, as obras singulares e outras accións con foco

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

específico na I+D+i e na calidade da docencia. A primeira delas executarase con incentivos tanto para a consolidación como para a atracción de talento para novas necesidades estratéxicas e para apoiar os investigadores pertencentes a programas como o Ramón y Cajal, Beatriz Galindo ou Juan de la Cierva.

No caso dos centros, inclúe o desenvolvemento de xornadas de portas abertas nos centros singulares de investigación, actividades de difusión da ciencia e promoción de vocacións científicas, formación de persoal para dar resposta aos novos retos en materia de xestión de fondos e promoción de proxectos de investigación e transferencia. Tamén se destinarán partidas deste orzamento ao apoio a diferentes actividades desenvolvidas no Centro de Investigación Mariña (CIM), no Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) e no Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic), ademais de ao financiamento basal dos centros da Rede CIGUS.

No que atinxe ás novas estruturas de investigación, inclúe o apoio á transformación de agrupacións estratéxicas saíntes, como o ECOBAS (Economics and Business Administration for Society) e as centradas na especialización: Campus CREA, Campus Auga ou Vigo Tecnolóxico. Tamén o impulso á posta en marcha de novas estruturas e para a creación de dous novos institutos, un centrado na Xustiza e Xénero e outro de Física e Ciencias Aeroespaciais.

As actuacións incluídas no apartado de obras singulares abranguen o acondicionamento dos laboratorios do grupo de Enxeñaría Química BIOSUV, o acondicionamento de espazos para o traslado do CACTI ao Edificio do Campus da Auga.

Por outra parte, apóianse accións de alto impacto e interese na I+D+i, como a prórroga de contratos posdoutorais, proxectos colaborativos coa UMinho, apoio á organización de congresos internacionais, edición de bibliografía en galego, promoción da Ciencia Aberta ou o desenvolvemento e tramitación de patentes e *spin-offs*. Inclúe, así mesmo, diferentes actividades no marco da campaña de escavación de Adro Vello, no Grove, e a produción dun documental sobre o dereito civil en Galicia.

Por último, ao abeiro das accións que inciden na calidade da docencia, impúlsanse accións de apoio aos mestrados de excelencia e dúas experiencias piloto, unha de mestrado dual e outra de incentivo de accións de innovación docente. Inclúe, tamén, o desenvolvemento dun proxecto de virtualización de laboratorios.

### Accións de impacto

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A UDC sitúa como actuacións preferentes as enmarcadas no fortalecemento dos centros, as novas estruturas de investigación, a mellora de graos e mestrados e o acondicionamento de laboratorios de apoio á investigación e dixitalización, entre outros. No caso dos centros, a achega centrarase no CITIC (Centro de Investigación en TIC), como centro integrante da Rede CIGUS, para o seu financiamento basal, promoción e divulgación de coñecemento, entre outros conceptos.

No referido ás novas estruturas de investigación, financiaranse a xestión e gobernanza, o fortalecemento, as liñas estratéxicas, o talento e os gastos estruturais de tres centros: o CICA (Centro de Investigación Científica Avanzada), o CITEEC (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil) e o CITENI (Centro de Investigación en Tecnoloxía Navais e Industriais).

O apartado de mellora de graos e mestrados abrangue tanto a posta en marcha dun proxecto de mestrado dual como o impulso dos mestrados de excelencia e o lanzamento e promoción do mestrado orientado á terapia cupacional. Tamén novos equipamentos para o laboratorio de creación dixital e emprendemento (Crealab) e os másteres interuniversitarios de biofabricación e de vehículos autónomos.

A partida de acondicionamento e dixitalización distribuirase en diferente melloras de equipamento e espazos en laboratorios e no edificio de servizos centrais da investigación. Así mesmo, impulsarase a dixitalización da I+D+i na UVigo a través da implantación dun novo programa de xestión.

Pecha o programa de necesidades da UDC a liña de accións con foco específico de alto impacto en I+D+i. Entre elas, crearase o XACIDI (Servizo de Xestión, Apoio e Coordinación da Investigación, Desenvolvemento e Innovación), coa finalidade de captar fondos e talento, realizar tarefas de asesoría técnica ou para a tracción de proxectos de I+D+i con outras entidades ou pertencentes ao tecido empresarial estratéxico.

Ademais, inclúe accións para preparar a acreditación de novos campus de especialización, a adquisición de equipamento tecnolóxico (simulador de alta tensión, unidade de xerminación e cultivo controlado, microscopio de barrido electrónico...) e o desenvolvemento do proxecto Sigma Academics, un novo software de xestión académica integral, entre outros conceptos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INCREMENTA EN 750.000 EUROS A SÚA APOSTA POLA MEDICINA PERSONALIZADA DE PRECISIÓN

- O Servizo Galego de Saúde incrementa o contrato-programa coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica entre 2023 e 2024 en preto de 750.000 euros, que se suman aos 7 millóns anuais que a Xunta xa tiña orzamentados para financiar esta Fundación
- A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica sitúase como o centro de maior volume de España no diagnóstico de enfermidades xenéticas, con máis de 30.000 estudos xenómicos ao ano realizados a pacientes do Sergas
- O Goberno galego segue a avanzar na dotación de recursos para poder ofrecer á poboación galega os tratamentos máis personalizados e as terapias máis innovadoras na liña avanzada pola Estratexia de Oncoloxía de Precisión presentada onte mesmo
- A inclusión das probas xenéticas na carteira de servizos da sanidade pública é unha valiosa ferramenta para o diagnóstico e prognóstico de enfermidades complexas e raras, oncolóxicas ou sen diagnóstico

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda e prórroga ao Contrato-Programa Sergas-Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica 2022-2023 para aumentar o seu investimento no presente ano e continuar en 2024 coa súa actividade coa fin de consolidar a medicina personalizada de precisión.

Desta forma, o Servizo Galego de Saúde incrementa o seu investimento en medicina 5P (personalizada, predictiva, preventiva, participativa e poboacional) en 749.073,63 euros entre o vixente ano e a prórroga do contrato-programa en 2024. Desta cantidade, un total 238.780,29 euros estarán destinados a gastos de persoal da Fundación.

O avance na dotación de recursos para poder ofrecer á poboación galega os tratamentos máis personalizados e as terapias máis innovadoras é unha das liñas estratéxicas da política sanitaria do Goberno galego, tendo a súa concreción máis recente na Estratexia de Oncoloxía de Precisión en Galicia, presentada onte mesmo.

Así, coa realización de análises xenéticas no ámbito da sanidade pública, o Sergas dótase dunha ferramenta de incalculable valor para o diagnóstico e prognóstico de enfermidades de alto impacto sanitario e gran impacto social como son as enfermidades complexas e raras, as enfermidades oncolóxicas e as enfermidades sen diagnóstico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, son clave para a selección e o seguimento de tratamentos farmacolóxicos óptimos, o que redunda nunha maior seguridade e eficiencia ao utilizar as terapias dirixidas.

O desenvolvemento deste contrato-programa entre o Sergas e a Fundación tamén busca a transmisión de información, de xeito claro e comprensible, sobre o risco de recorrencia da enfermidade ou trastorno, as consecuencias para o paciente e a súa descendencia e as posibilidades de prevención pre e postnatal.

Actualmente, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica sitúase como o centro de maior volume de España no diagnóstico de enfermidades xenéticas. Anualmente increméntase o número de estudos xenómicos solicitados polas sete áreas sanitarias galegas, sendo de 32.813 no ano 2022, e coa previsión de achegarse aos 35.000 no presente exercicio. Por iso, a previsión da Xunta é manter esta liña de colaboración durante o período 2023-2025.

### **Máis de 7 millóns de euros anuais destinados á xenómica**

O incremento adicional de preto de 750.000 euros de financiamento á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica súmase ao esforzo orzamentario que a Xunta ten realizado nesta lexislatura na dotación de fondos para este fin. Así, desde o ano 2020, a Xunta ten duplicado os fondos anuais que destina á Fundación, pasando dos 3,4 millóns de euros aos 7 millóns que estaban aprobados para este ano no último contrato-programa que autorizou o Consello da Xunta e polos orzamentos.

Ao tempo, o Goberno galego reforzou o seu apoio loxístico á Fundación coa sinatura dun convenio co Centro de Supercomputación de Galicia para almacenar os datos das máis de 30.000 análises xenómicas de pacientes que realiza ao ano e consolidou a estrutura de recursos humanos desta institución, coa convocatoria dun proceso de estabilización de 25 prazas públicas.

Seguindo as iniciativas estratéxicas da Consellería de Sanidade, a Fundación colabora no Plan de saúde mental de Galicia coa elaboración dun estudo a través da análise farmacoxenética de pacientes a tratamento con determinados fármacos para contribuír a axustar doses e evitar reaccións adversas. Ademais, está na Estratexia Galega para as Enfermidades Raras, coa máxima colaboración nos procesos de detección precoz como o programa de cribado neonatal e, a través desta modificación do contrato-programa, consolídase tamén como parte fundamental da Estratexia de Oncoloxía de Precisión, recentemente aprobada, que vai permitir avanzar nun catálogo de biomarcadores esenciais para personalizar diagnósticos e tratamentos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ASINA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CON ASIME E OS SINDICATOS PARA A INSERCIÓN LABORAL DOS 303 TRABALLADORES DE ALU IBÉRICA DESPEDIDOS EN 2022**

- O Consello da Xunta informou hoxe sobre a sinatura deste acordo coa Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia, UGT, CCOO e CIG por valor de 1,5 millóns para desenvolver ata 2025 medidas para a cualificación, orientación e incorporación ao mercado destas persoas
- Na actualidade estase a desenvolver a fase de acollida, diagnóstico inicial e o programa de orientación, e ata o de agora xa mostraron interese na iniciativa da Xunta preto do 80 % dos 303 traballadores
- No marco desta actuación, e co apoio do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), prevense incentivos de ata 1.200 euros para a participación activa, o desprazamento, a conciliación e a inserción laboral destes traballadores
- A Xunta persegue a incorporación efectiva dos 303 afectados polos despedimentos en actividades relacionadas coa transformación do metal ou co aluminio

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as organizacións sindicais e empresarial (Asime, UGT, CCOO Galicia e a Federación de Industria da CIG) para a posta en marcha do proxecto FEAG-Empregal, co que a Xunta de Galicia persegue a reinserción laboral efectiva, no horizonte 2025, das 303 persoas afectadas (cunha media de idade de 43 anos) polos despedimentos na planta coruñesa de Alu Ibérica no ano 2022.

Unha vez que se firmou o acordo, estase nestes intres a desenvolver a fase de acollida, diagnóstico inicial e o programa de orientación, para despois iniciar a fase de formación. Ata o momento (aínda se está contactando cos afectados por estes despedimentos) a fase de adhesión ao programa por parte dos traballadores está a ter unha gran acollida: xa mostraron interese en tomar parte desta actuación preto do 80 % dos 303 persoas posibles beneficiarios.

O proxecto conta cun financiamento de 1,5 millóns de euros, dos cales 1.275.000 proceden do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), grazas á iniciativa promovida ante a Unión Europea pola comunidade galega, e o resto é achegado pola Xunta de Galicia.

A través de apoios á procura de emprego, orientación profesional, formación e reciclaxe profesional, ou promoción do autoemprego, o Goberno galego perseguirá a inserción laboral efectiva dos participantes no proxecto, ben por conta allea ou a través de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

iniciativas de autoemprego. A idea é crear recursos de fomento da inserción laboral orientados de xeito específico ás problemáticas das persoas despedidas, nunha aposta pola personalización e para asegurar a inserción do maior número de persoas posibles tanto dentro como fóra do sector do aluminio.

### **Unha iniciativa consensuada**

A posta en marcha desta medida foi consensuada polo Goberno galego e os axentes sociais que deseñaron un programa que se desenvolverá ata o 10 de maio de 2025 e avoga pola cualificación en competencias clave e outros coñecementos para atopar un novo emprego, entre os que se contan as capacidades informáticas, operacións e loxística de almacéns e novas técnicas de soldadura, entre outras.

Para animar á participación das 303 persoas despedidas, a Xunta de Galicia artellou un mecanismo de incentivos cos que apoiará a participación (máximo 400 euros por persoa) e outorgará becas de desprazamento (máximo 340 euros por curso formativo) e, de ser preciso, de conciliación (ata 1.200 euros).

O programa prevé, a maiores, unha achega de 200 euros ao mes, durante seis meses (máximo 1.200 euros), para que as persoas participantes en FEAG-Empregal consigan unha reincorporación áxil ao mercado, ben por conta propia ou allea. A través deste incentivo trátase de motivar estes traballadores para a procura activa dun novo posto de traballo.

Non é a primeira vez que o Goberno autonómico recorre ao FEAG para reactivar sectores clave da súa economía. En dúas ocasións, en 2012 e 2020, realizáronse cadanseus programas Empreganav para favorecer a recolocación de persoas procedentes do sector naval en momentos de crise con resultados exitosos e unha inserción aproximada do 70 % en ambas as dúas convocatorias. Tamén persoal procedente do sector téxtil foi obxecto en 2009 e 2017 dos proxectos FEAG Empregatex e Galitex.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA REALIZARÁ MÁIS DE 1.500 ACCIÓNS DE FORMACIÓN PARA PERSOAS DESEMPREGADAS COA PREVISIÓN DE ALCANZAR OS 24.000 BENEFICIARIOS**

- A Xunta de Galicia resolveu a nova convocatoria de accións formativas para persoas desempregadas (AFD) 2023-2024 en que inviste máis de 70 M€
- Galicia incrementou o orzamento un 8,5 % e a oferta de especialidades, para a cal se priorizaron as que presentan maior demanda no mercado
- A resolución das axudas, que se dirixen a entidades ou centros acreditados para a formación para o emprego, xa foi notificada
- O alumnado poderá acceder aos cursos nas oficinas de emprego, vía web en <https://emprego.xunta.gal> ou solicitándoo directamente ás entidades que os imparten
- Son colectivo prioritario da oferta formativa persoas afectadas por ERTE, con discapacidade, mulleres, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos, desempregados de longa duración ou emigrantes retornados

O Goberno galego facilitará a formación de cerca de 24.000 persoas desempregadas a través da oferta de accións de formación para o colectivo que, na convocatoria 2023-2024, incrementa o seu orzamento nun 8,5% e supera os 70 M€.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade trasladou hoxe ao Consello da Xunta a resolución desta convocatoria que quere mellorar a cualificación dos traballadores e traballadoras e mellorar a súa empregabilidade. A experiencia indica que 7 de cada 10 persoas que participan nestes cursos conseguen unha efectiva inserción laboral.

O número de accións aprobadas, 1.567- 170 máis que na convocatoria precedente- están dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais relacionadas cos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás necesidades de adaptación aos cambios operados nos sectores produtivos. De feito, este ano incrementouse a variedade da formación, cunha oferta de ata 162 especialidades diferentes fronte ás 157 do ano anterior, ás cales se incorporan, por exemplo operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo ou montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas.

A Xunta segue a apostar pola formación flexible e adaptada ás necesidades do alumnado. As persoas beneficiarias das accións son desempregadas, afectadas por ERTE, por suspensión de contrato ou con redución de xornada, así como galegas e galegos con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Poden tomar parte -cun tope do 30 % de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

participación- traballadores en activo, sempre que as prazas non se cubran con desempregados.

Priorizarase tamén a participación nas formacións de colectivos prioritarios como mulleres, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos, desempregados de longa duración e emigrantes retornados. Mantense o apoio ás actividades con participación do 100 % do alumnado con discapacidade.

As axudas diríxense a centros ou entidades de formación debidamente acreditados para impartir formación profesional para o emprego en Galicia en modalidade presencial, a distancia ou mixta. En comparación coa resolución da convocatoria 2022-2023, este ano increméntase o número total de centros (dos 251 aos 259 deste ano) cunha oferta que se estendeu a máis comarcas. Foi posible, en parte, grazas ao traballo do Grupo de Análise e Modelización Económica da Universidade de Santiago e do Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que participaron na fase de priorización das accións formativas.

Unha vez concretada a oferta, os alumnos e alumnas que o desexen, poderán acceder a estes cursos a través das oficinas de emprego de Galicia; na páxina web: <https://emprego.xunta.gal> ou mediante solicitude directa ás entidades de formación.

A Xunta simplificou este ano a estrutura e contidos do texto normativo, así como todas as fases do proceso. En canto aos criterios de avaliación técnica das solicitudes, priorizáronse especialidades formativas con maior demanda a nivel Galicia e comarca e tívose en conta o grao de execución das actividades formativas concedidas en convocatorias anteriores. O Goberno galego está a impulsar, ademais, novas certificacións de organismos acreditados relativas á seguridade da información, xestión ambiental e responsabilidade social.

O programa insírese no Plan galego de formación para o emprego, dotado para o presente ano con máis de 125 millóns de euros, para continuar a impulsar unha formación dual e flexible, axustada ás tendencias do tecido produtivo e ao cada vez máis competitivo mercado laboral.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ A HUMANIZACIÓN DA ZONA PARA VOO LIBRE CON PARAPENTE DO CONCELLO OURENSÁN DE BALTAR CON MÁIS DE 48.000 €**

- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello colaborarán na colocación de bancos de pedra, mesas para poder comer, zonas de descanso e elementos para a recollida de residuos sólidos e orgánicos nesta área, tendo sempre presente a protección do ambiente
- Todas estas actuacións redundarán na mellora das condicións de uso e goce deste recurso, co fin de destinalo a unha utilización pública compatible cos seus elementos

A Xunta colaborará co Concello de Baltar para a posta en marcha dun proxecto de humanización da zona destinada a voo libre con parapente neste municipio ourensán, cunha achega de máis de 48.000 euros. Esta iniciativa enmárcase dentro dos denominados proxectos senlleiros que apoia a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para fomentar, neste caso, a promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.

Así, trátase de complementar esa humanización coa colocación de bancos de pedra, mesas para poder comer, zonas de descanso e elementos para a recollida de residuos sólidos e orgánicos, tendo sempre presente a protección do ambiente. Polo tanto, a subvención persegue mellorar a restauración, a conservación, a protección, o coñecemento, a divulgación e o uso sustentable do patrimonio natural.

Todas estas actuacións redundarán na mellora das condicións de uso e goce deste recurso, co fin de destinalo a unha utilización pública compatible cos seus elementos. Polo tanto, é unha intervención que ten como finalidade satisfacer as necesidades da veciñanza, fortalecer o desenvolvemento do rural galego, mellorar a relación social dos veciños e evitar o seu despoboamento, o que explica o seu interese público e social.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, vén apoiando, mediante axudas a través de convenios, baixo a denominación de «proxectos senlleiros», diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, en abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia aprobou o acordo polo que se fixan as regras de tramitación das subvencións deste programa a través de convenio. Así, conceptúanse como tales proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONCEDE UNHA ACHEGA AO CONCELLO DE MONTERREI DE 86.000 EUROS PARA ADQUIRIR E REHABILITAR UN INMOBLE COMO LOCAL SOCIAL NO NÚCLEO RURAL DA CARIDADE**

Trátase dun proxecto senlleiro financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, que busca revalorizar infraestruturas e inmobles desaproveitados co fin de satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza

O Concello da Xunta acaba de dar o visto e prace a un convenio para a concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural -dependente da Consellería do Medio Rural- e o Concello de Monterrei para o proxecto senlleiro de adquisición e rehabilitación dun inmoble como local social no núcleo da Caridade. A subvención ascenderá aos 86.000 euros a fondo perdido.

Cómpre sinalar que os proxectos senlleiros permiten financiar diversas actuacións sobre elementos e realidades do medio rural merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á consecución de dúas finalidades esenciais: mellorar a calidade de vida da poboación rural e promover a fixación desta nas áreas rurais. Polo tanto, é unha intervención que ten como finalidade satisfacer as necesidades da veciñanza, fortalecer o desenvolvemento do rural galego, mellorar a relación social dos veciños e evitar o seu despoboamento, o que explica o seu interese público e social.

Así, a través desta subvención, o Concello de Monterrei poderá adquirir e rehabilitar a totalidade dun edificio para destinalo ao uso público como local social da veciñanza. Desta forma, dotarase o núcleo rural da Caridade dun lugar no que os veciños desta localidade poidan reunirse ou utilizalo como lugar de almacenaxe de aveños.

Para lograr esa finalidade, é preciso mellorar as condicións de salubridade e ornato da desta, levando a cabo unha actuación integral que mellore as condicións do edificio, para satisfacer as necesidades da veciñanza potenciando e estimulando o arraigamento desta sobre o territorio que habita, contribuíndo ademais á cohesión da vida social no medio rural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FAVORECE A ESPECIALIZACIÓN EN INVESTIGACIÓNS MARIÑAS DE TITULADOS SUPERIORES CON BOLSAS PARA FORMACIÓN NO CIMA DE CORÓN

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto para os anos 2023, 2024 e 2025 de dúas bolsas para formación no Centro de Investigacións Mariñas
- A elas a Consellería do Mar destina máis de 61.500 euros e os titulados realizarán o seu labor nas áreas de cultivo de fitoplancton e moluscos e na de dinámica de poboacións dos cultivos no mar
- Estas iniciativas do Executivo autonómico pretenden mellorar a capacitación dos futuros profesionais da I+D+i dun sector estratéxico para Galicia e contribuír a reter este talento na comunidade

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto para a convocatoria de dúas bolsas de formación dirixidas a persoas con licenciatura universitaria ou título de grao en ciencias do mar ou bioloxía. Estas bolsas de especialización permitirán que poidan completar os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos seus estudos cunha formación práctica en investigación mariña durante dous anos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Corón, en Vilanova de Arousa, e a elas a Consellería do Mar destina máis de 61.500 euros.

Estas bolsas enmárcanse no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, que ten como fin avanzar en ámbitos estratéxicos para a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) na comunidade, ao tempo que se atrae e mantén o talento innovador. Unha delas é para reforzar a especialización en materia de cultivo de fitoplancton e moluscos bivalvos, mentres que a outra é para coñecemento práctico sobre a dinámica de poboacións dos recursos mariños.

Poderán optar a estas bolsas as persoas en posesión do título de licenciatura ou de grao en Bioloxía ou Ciencias do Mar na data de remate do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria e que non teñan a titulación de doutor nin se atopen matriculados nun programa de doutoramento do sistema universitario nacional. Tampouco deben ter desfrutado de axudas similares para o mesmo fin no pasado.

O importe de cada unha das dúas bolsas inclúe unha asignación mensual bruta de 1.200 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día que se publique a orde da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Nela as persoas interesadas poderán consultar as bases e requisitos para a presentación de solicitudes.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa, que vincula a relevancia da investigación científica e da formación en ciencias mariñas, achega a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de I+D+i e permite aproveitar a formación adquirida para a futura realización de teses de doutoramento. Finalmente, facilita a preparación práctica cualificada, que é de probada utilidade para a súa inserción posterior na vida laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O XOGADE ENCARA A SÚA EDICIÓN MÁIS INCLUSIVA CON MÁIS DA METADE DOS ESCOLARES GALEGOS INSCRITOS, 17 ACTIVIDADES ESCOLARES E 39 FEDERACIÓNS ADHERIDAS

- Na tempada 2022/2023 acadouse a cifra de preto de 135.000 escolares de entre 6 e 16 anos inscritos e de 108.688 participacións na actividade federada e 85.695 na actividade escolar
- Neste novo curso incorpóranse dúas novas actividades escolares: voleibol sentado e encontros multideportivos para garantir a participación de todas as persoas

O Consello da Xunta vén de ser informado sobre o programa Xogade (Xogos galegos deportivos en idade escolar), da Secretaría Xeral para o Deporte e que vén de dar comezo á súa 15ª edición (2023/2024) o pasado 13 de setembro coa sinatura da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. O programa, que naceu na tempada 2009/2010 co obxectivo de promover a práctica da actividade física e deportiva e a apropiada utilización do lecer entre a poboación en idade escolar ao abeiro do Plan Galicia saudable da Xunta de Galicia, conta xa con máis da metade dos escolares galegos inscritos (53,08 %), segundo os datos de finais da tempada 2022/2023 cando se contabilizaron preto de 135.000 escolares (134.135) de entre 6 e 16 anos dos 248.029 que hai en Galicia, acadando cifras de participación superiores ás de pre-pandemia. En total estes 135.000 escolares sumaron 108.688 participacións na actividade deportiva federada e 85.695 participacións en actividade deportiva escolar.

Pero o Xogade non medra só en participación, senón tamén en oferta. Por unha banda, o programa, que contaba con 15 actividades escolares na tempada 2022/2023, medrará ata as 17 modalidades na actividade deportiva escolar ao estrear a modalidade inclusiva do voleibol sentado e a actividade de encontros multideportivos. Deste xeito, as disciplinas convocadas no marco da actividade deportiva escolar son atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, cross, duatlón, encontros multideportivos, fútbol sala, multixogo 6-8, natación, orientación, patinaxe artística, tenis de mesa, voleibol e voleibol sentado, xadrez e xogando co atletismo.

A incorporación do voleibol sentado non é a única novidade inclusiva do Xogade que organizará competicións de deportes por equipos coma, por exemplo, bádminton, tenis de mesa coa finalidade de garantir a participación de todas as persoas incluíndo as que teñan algunha diversidade funcional. Esta igualdade non só se consegue grazas á inclusión daquelas persoas con diversidade, senón tamén en cuestión de xénero. A actividade deportiva escolar foi realizada na tempada 2022/2023 por un 53 % de nenos e un 47 % de nenas, tanto en participantes como en participacións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, as federacións adheridas tamén medran. Baile deportivo e montañismo sumáronse ao programa Xogade ao longo do curso 2022/23, polo que hoxe son 39 as federacións deportivas galegas que están dentro do Xogade: atletismo, bádminton, baile deportivo, baloncesto, balonmán, béisbol e sófbol, birlos, boxeo, ciclismo, deporte autóctono (modalidade deportiva de billarda), esquí náutico, fútbol, halterofilia, hípica, hóckey, judo e deportes asociados, karate e disciplinas asociadas, kickboxing e muay thai, kung-fu, montañismo (especialidades de escalada en rocódromo e salas de bloque, carreiras por montaña, sendeirismo e marcha nórdica), loita e disciplinas asociadas, motociclismo, natación, orientación, pádel, petanca, piragüismo, remo, rugby, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, triatlón e péntatlon moderno, voleibol, xadrez e ximnasia.

### Seguro 6-16 gratuíto

Cómpre sinalar que a Xunta mantén a gratuidade do seguro de accidentes deportivos para os menores de entre 6 e 16 anos participantes, unha medida na cal Galicia é pioneira, así como do transporte e a participación nas actividades. Favorécese así o acceso ás actividades de escolares de toda a xeografía galega coa colaboración das 31 agrupacións deportivas escolares que este pasado ano viron incrementado o importe dos seus convenios para a compra de material. No caso da actividade federada, tamén se sufraga un seguro deportivo de 6 a 16 anos para apoiar o deporte de base e a promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables.

Neste sentido, o Consello da Xunta aprobaba o pasado setembro de 2022 a contratación dunha nova póliza de seguro colectivo para cubrir os riscos derivados da práctica deportiva, con motivo da participación no programa Xogade (Xogos galegos deportivos en idade escolar), da Secretaría Xeral para o Deporte, tanto nas actuacións do ámbito federado como do escolar no período 2022/2024. En total, a póliza contratada ten un valor por importe de 4,3 millóns de euros ata 2024, isto é, as tempadas 2022/2023 e 2023/2024, cunha prima anual media de 2,16 millóns de euros, un 21,5 % máis que a prima media anual de 2022.

Con todo, o gasto anual do programa Xogade na tempada 2022/2023 ascende a algo máis de 3 millóns de euros repartidos en: 2 millóns de euros para o seguro deportivo escolar, 450.000 euros para o contrato de transporte para os escolares que participan no Xogade, 240.000 euros os convenios coas agrupacións deportivas escolares e algo máis de 40.000 euros para outros gastos organizativos.

### Propostas educativas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto coa actividade deportiva escolar, o programa Xogade ofrece outras propostas como *Coñece o meu club*, para facilitarlles aos centros educativos que se poñan en contacto coas entidades da súa contorna; *Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD)*, encamiñado a aumentar a actividade física saudable dos escolares; *Xogando coa auga e co vento*, que dá cabida a proxectos cos que achegar os escolares galegos á natureza a través de deportes acuáticos; *Xogos tradicionais e populares*, a prol do seu arraigo na poboación escolar, así como actividades de promoción de escalada e piragüismo-dragóns entre outras modalidades deportivas, tradicionais e urbanas que se poderán incorporar ao longo da tempada.

As entidades escolares e deportivas que conten con equipos e estean interesadas en inscribirse no programa poden facelo ao longo do curso a través das webs [www.xogade.xunta.gal](http://www.xogade.xunta.gal) e [www.deporte.xunta.gal](http://www.deporte.xunta.gal).

### **Bono deportivo**

O programa Xogade para esta tempada 2023/2024 vén reforzado polo bono deportivo para as familias que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos de 2024 e que terá un valor de 120 euros por fillo ou filla de entre 6 e 16 anos con licenza federada nalgunha disciplina deportiva ou do programa Xogade, para a compra de material e equipamento deportivo, asistir a clases ou anotarse nun centro deportivo. Este bono deportivo, que chegará a 135.000 fogares e facilitará a volta ao cole de todas as familias e incentivará as compras no comercio galego, comezará a cobrar a partir do próximo mes de xaneiro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ADXUDICOU XA O 80% DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA ORZAMENTADOS PARA 2023**

- Unha asignación excesivamente centralizada dos fondos retrasa a súa xestión, debido a que non se celebran Conferencias Sectoriais desde xuño e á ausencia da cogobernanza.
- A Xunta continúa, pese a todo, realizando unha xestión dilixente dos seus fondos

O Goberno galego leva adxudicado o 80% dos 527 millóns de euros dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) previstos no orzamento inicial para 2023, é dicir, 416,5 M€, aos que hai que engadir 98 M€ de adxudicación de gasto a cargo de exercicios futuros. Así se recolle no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

O informe precisa tamén que, na actualidade, os recursos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia asignados polo Goberno central á Administración galega para o desenvolvemento de políticas públicas ascenden a 1.384 M€, o que supón menos recursos dos que nos corresponderían por PIB per cápita.

O documento tamén pon de manifesto que os recursos se ingresan a medida que se concretan os destinos e obxectivos nas conferencias sectoriais de cada ministerio. Esta asignación excesivamente centralizada, sen que se apliquen os principios de cogobernanza e subsidiariedade, retrasa a xestión dos fondos, xa que a realización das conferencias sectoriais está estancada desde o pasado mes de xuño. Con todo, a Xunta de Galicia continúa executando os seus fondos de forma dilixente e, así, a execución acumulada do MRR eleva a 1.013 M€ as convocatorias e licitacións publicadas, das que se adxudicaron o 69,2% (701 M€).

No que se refire aos beneficiarios, cómpre salientar que, ata o de agora, preto de 37.000 persoas físicas, 7.500 autónomos, preto de 3.900 empresas e 200 entidades locais favorecéronse dos fondos de recuperación xestionados pola Administración galega.

Pola súa banda, en canto aos PERTE, do total das asignacións anunciadas polo Goberno central adxudicáronse ata o momento o 23,6%. Deste importe, só un 4,9%, corresponde a proxectos en territorio galego, preto de 482 M€.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DENUNCIA A REDUCCIÓN DA OFERTA FERROVIARIA EN GALICIA, CUN 12 % MENOS DE SERVIZOS QUE ANTES DA PANDEMIA E COA SUPRESIÓN DE 31 CONEXIÓNS DIARIAS E 202 SEMANAIS**

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a situación dos servizos ferroviarios de ancho ibérico na Comunidade ante o incremento da demanda que se está a rexistrar e a repercusión que supón no transporte público por estrada
- O documento detalla reducións de ata o 75 % na oferta de servizos de tren no eixe entre Vigo e Ourense; ou a minoración dun 60 % no corredor entre A Coruña e Lugo,
- Na relación entre A Coruña e Ferrol diminuíron os servizos nun 14 %, con 2 servizos menos, e o eixe A Coruña-Betanzos pasou de ter 22 expedicións ao día a só 14
- A conexión entre Monforte de Lemos e Ponferrada viu minimizada nun 67 % a oferta e no eixe de Vigo cara a Portugal non se repuxeron o 50 % dos servizos suprimidos
- O presidente advirte que a falta de capacidade dos servizos ferroviarios, nun contexto de elevada demanda, está a impactar no transporte público por estrada
- Avanza que o Goberno galego lle trasladará na reunión da semana que vén co secretario de Estado de Transportes que repoña as rutas de tren suprimidas e reforce a oferta de prazas co obxectivo de garantir a mobilidade dos cidadáns

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, denunciou hoxe a “evidente e moi preocupante” redución da oferta ferroviaria en Galicia, cun 12 % menos de servizos de tren que antes da pandemia, o que supón a eliminación de 31 conexións diarias e 202 conexións semanais.

Rueda deu a coñecer estes datos provenientes dun informe que foi avaliado polo Consello da Xunta. Nel analizaouse a situación dos servizos ferroviarios de ancho ibérico na Comunidade ante o incremento da demanda e a súa repercusión no transporte público por estrada.

O presidente galego explicou que, unha vez analizados e comparados os servizos de ancho ibérico ofertados actualmente por Renfe en Galicia con respecto aos que existían antes da pandemia, en decembro de 2019, confírmase que hai servizos que “nunca se volveron recuperar”, excepto no Eixe Atlántico e entre Santiago e Ourense. No entanto, sobre esta conexión aclarou que gran parte dos novos servizos nesta liña é a través dos trens Alvia de longa distancia que, en realidade, teñen poucas prazas para viaxar dentro de Galicia.

Rueda especificou que no informe se reflicte que existen conexións de tren que viron minimizada a súa oferta de servizos diarios ata un 75 %, como é o caso da comunicación en tren entre Vigo e Ourense; un 60 % no caso da liña que une A Coruña e Lugo; un 67 % na conexión Monforte de Lemos e Ponferrada; e no corredor entre Vigo e Portugal, a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

metade das conexións eliminadas non se volveron a repoñer. Ademais, entre A Coruña e Ferrol diminuíron os servizos nun 14%, con 2 servizos menos, e o eixe A Coruña-Betanzos pasou de ter 22 expedicións ao día a só 14.

### **Reunión co Ministerio de Transportes**

Ante esta situación, o mandatario galego advertiu que a Xunta "non lle queda outra que dirixirse a quen ten as competencias". Así, lembrou que a semana pasada púxose en contacto con Renfe e adiantou que no vindeiro encontro que se manterá a semana que vén co secretario de Estado de Transportes se lle vai demandar que repoña as liñas de tren suprimidas durante a pandemia e se reforce a oferta de prazas.


"Non ten ningún sentido fomentar o uso do transporte ferroviario e, por outra banda, suprimir frecuencias", considerou o mandatario galego, quen criticou as "excusas" do Ministerio de Transportes para defender estas reducións.

Rueda advertiu que o aumento da demanda por viaxar en tren e a falta de prazas ou frecuencias está provocando que aumente o número de usuarios que opta polos autobuses interurbanos que xestiona a Xunta. No entanto, defendeu que o Goberno galego "está reaccionando a esta sobredemanda". Así, apuntou o reforzo cun 5 % de máis autobuses ou de vehículos con maior capacidade neste inicio de curso escolar.

### **Mapa coa evolución da oferta de tren en Galicia no período 2019-2023**

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A FORMACIÓN PROFESIONAL GALEGA AFIANZA O SEU ÉXITO CUN CRECEMENTO XENERALIZADO DE MATRÍCULAS NOS DISTINTOS NIVEIS E MODALIDADES E NO CONXUNTO DO TERRITORIO

- Un informe da Consellería de Educación confirma a crecente demanda destas ensinanzas, que acadan un récord histórico de 64.570 matriculados este curso
- Son 3.687 estudantes máis que o curso pasado e un 85 % máis ca no curso 2008/09
- Os másteres lideran o incremento de matrículas cunha suba do 56 %
- As familias profesionais que máis medran son Téxtil e confección en pel, Actividades físicas e deportivas, Instalación e mantemento, Informática e comunicación, Agraria, Transporte e mantemento de Vehículos e Comercio de márketing
- A matrícula tamén medra en todas as provincias, con especial forza nas áreas de Verín-Baixa Limia, Salnés, Lemos, Pontevedra e A Coruña
- Cómpre subliñar a potenciación dos 27 centros que forman a Rede de centros integrados de formación profesional, que aglutinan o 48 % do alumnado de centros públicos

As ensinanzas de formación profesional en Galicia afianzan o seu éxito entre o alumnado cun crecemento xeneralizado de matrículas nos distintos niveis e modalidades e tamén no conxunto do territorio, tal e como se reflicte nun informe da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades elevado ao Consello da Xunta de hoxe.

Así pois, a formación profesional galega acadou un novo récord histórico con 64.570 matriculados no presente curso 2023/24. Trátase de 3.687 estudantes máis que o pasado, o que supón un incremento do 6 %. Se se ten en conta o período dos últimos 15 anos, a porcentaxe de subida acadou o 86 %, xa que no curso 2008/09 había 34.746 matriculados, 29.824 menos ca hoxe.

Neste curso hai 5.353 persoas matriculadas nun ciclo formativo básico (un aumento do 4 %), 24.394 nun ciclo de grao medio (4 % máis) e 34.823 persoas matriculadas nun ciclo de grao superior (un 8 % máis).

### **Dinámica territorial**

Esta dinámica alcista reflíctese tamén no conxunto do territorio galego, onde a provincia de Pontevedra lidera o crecemento cun 7 % máis de matrículas rexistradas, seguida da provincia da Coruña (6 % máis), Ourense (4 %) e Lugo (4 %).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste ámbito cómpre destacar o dinamismo experimentado en zonas como as de Verín, Limia e Baixa Limia (onde se rexistrou unha suba de matrícula do 19 %), O Salnés (un 12 % máis), Lemos, Chantada e Quiroga (9,02), área de Pontevedra (9 %) e área da Coruña (8 %).

### **Modalidades**

Canto ás modalidades, destaca o incremento de matriculados nos cursos de especialización ou másteres, cunha suba do 56 %.

No que atinxe ás familias profesionais, destacan as subas das de Têxtil e confección en pel (25 %), Actividades físicas e deportivas (14 %), Instalación e Mantemento (10 %), Informática e comunicación (9 %), Agraria (9 %), Transporte e mantemento de vehículos (9,37%) e Comercio e márketing (9 %).

Neste éxito de matrícula cómpre destacar o papel que desempeña a Rede de centros integrados de formación profesional (CIFP). Non en balde, os 27 centros que a conforman concentran o 48 % do total de matrículas. Cómpre lembrar que a Consellería multiplicou por tres o número total de centros desta rede ao pasar dos 9 que había en 2009 aos 27 actuais tras a recente incorporación dos Audiovisual de Vigo, Montecelo de Pontevedra e Vilamarín de Ourense.

### **Plan Conecta FP Galicia**

No éxito desta oferta xogou un papel clave o Plan Conecta FP Galicia, no cal participaron máis de 10.000 empresas e 400 asociacións e clústeres para o deseño e planificación dunha oferta formativa que dea resposta á rápida evolución dos distintos sectores.

Na aposta pola innovación, a tecnificación e a especialización, a Xunta de Galicia segue avanzando coa folla establecida na Estratexia Galega de FP 2030, dotada con 900 M€, co obxectivo de ofrecer unha formación personalizada e adaptada ás demandas dos sectores socioproductivos de Galicia, coa posta á disposición do mercado laboral de profesionais altamente cualificados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR DA XUNTA XA RECIBIU ESTE ANO MÁIS DE 900 SOLICITUDES DE AXUDA

Concédense achegas de ata un máximo de 1.500 euros para estancias en residencias de maiores ou de persoas con discapacidade; e de ata 1.000 euros para que sexan atendidas en centros de día ou nos seus fogares por un coidador profesional

O Consello da Xunta avaliou hoxe os resultados da última convocatoria do programa Respirio Familiar, que permite que persoas dependentes ou con discapacidade realicen estancias puntuais en centros residencias e de día, así como dispoñer dun coidador profesional a domicilio. O prazo para acollerse ás axudas correspondentes á orde deste ano aínda está aberto e finalizará o vindeiro 30 de outubro. Ata o día de hoxe xa se rexistraron máis de 900 solicitudes que superan o millón de euros no seu conxunto.

Esta cifra de peticións de axudas recibidas este ano ao abeiro desta iniciativa supón un incremento do 4% e un 12% máis de investimento neste programa con respecto á convocatoria anterior. Isto pon de manifesto a cada vez mellor acollida que ten este programa de Respirio Familiar, que beneficiou a unhas 370 persoas en 2021 e a preto de 870 no exercicio de 2022.

O obxectivo dos 'respiros familiares' é favorecer a conciliación das persoas coidadoras habituais e facilitar o seu descanso, para o que se ofrecen ata tres modalidades distintas. A primeira delas é o respiro en residencias, coa que a Xunta achega ata un máximo de 1.500 euros anuais por persoa beneficiaria para financiar estadias nestes centros a persoas con dependencia ou discapacidade ante necesidades puntuais dos seus coidadores. A segunda é o respiro no fogar, coa que se conceden ata un máximo de 1.000 euros ao ano para a contratación dun coidador a domicilio.

#### **Atención diúrna**

E a terceira, que é unha novidade na convocatoria de axudas deste ano, é o respiro en centros de día para que un familiar con dependencia reciba unha atención puntual no servizo de atención diúrna que prefira. Neste caso, a axuda da Administración autonómica é dun máximo de 1.000 euros por beneficiario e ano.

Os requisitos para recibir estas axudas son, principalmente, residir na comunidade autónoma; que a persoa atendida teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 75%; que teña unha situación recoñecida de dependencia no grao II ou III ou ben ter acreditado mediante informe médico e social a necesidade de axuda de terceiros para actividades da vida diaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COMEZARÁ O 19 DE OUTUBRO A UTILIZAR OS NOVOS ROBOTS CIRÚRXCOS DE TRAUMATOLOXÍA

- Estes equipos rematan hoxe a súa instalación nos hospitais públicos de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, e estarán á disposición de todos os pacientes de Galicia unha vez remate a formación dos profesionais encargados
- O Servizo Galego de Saúde creou un subcomité en cirurxía ortopédica e de traumatoloxía, dentro do Comité Central de Cirurxía Robótica, que definiu os procedementos que se van abordar cos robots e os indicadores de resultado e calidade
- Os servizos de traumatoloxía do Sergas realizan anualmente ao redor de 27.500 intervencións cirúrxicas, estimándose que, nun principio, poderanse realizar cos robots un 35-40 % das artroplasias, fundamentalmente de xeonllo e cadeira

A Xunta de Galicia ten previsto que os tres novos robots cirúrxicos de traumatoloxía recentemente adquiridos polo Goberno galego comezan a funcionar coas primeiras intervencións o día 19 de outubro, despois de que hoxe mesmo remate a súa instalación nos hospitais de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo e ao longo do mes de outubro se complete a formación do persoal encargado de manexar estes equipos. Así se desprende dun informe que hoxe abordou o Executivo galego na súa reunión semanal, referido á posta en funcionamento da tecnoloxía robótica en cirurxía ortopédica e traumatoloxía. A primeira intervención programada será a colocación dunha prótese de xeonllo nos tres hospitais ao mesmo tempo.

Anticipándose á chegada dos equipos aos centros, o departamento sanitario galego constituíu un subcomité de cirurxía robótica en cirurxía ortopédica e traumatoloxía, formado por un representante da especialidade de cada área sanitaria, dos que un representante elixido entre eles incorporárase ao Comité Central de Cirurxía Robótica. A primeira reunión deste subcomité realizouse o pasado 17 de xullo.

O traballo que se vai realizar nun primeiro momento, e consensuado no seo do subcomité, consiste en definir os procedementos que se poden abordar co robot, clasificándoos en fases segundo a complexidade. Para cada un deles estableceranse criterios de selección dos pacientes, que poderán ser derivados desde todas as áreas sanitarias galegas. Ademais, estase a elaborar un consentimento informado para a intervención con robot e tamén se traballa en definir indicadores de resultado e de calidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre remarcar que, aínda que os robots estean situados en Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, van operar pacientes de toda Galicia, cando cumpran os criterios fixados polo subcomité.

### **Investimento de 4,3 millóns de euros**

Subliñar que o Goberno galego licitou a compra de tres robots cirúrxicos de traumatoloxía e o concurso foi adxudicado á empresa de Stryker Iberia, asinándose o contrato o pasado mes de agosto. O investimento da Xunta nesta aparataxe é de 4.309.226 euros.

Nun primeiro momento, estes equipos situáronse nestes tres centros de referencia, sendo a intención da Xunta que se vaian incorporando progresivamente a todos os hospitais, creando un programa de cirurxía robótica corporativo, progresivo e homoxéneo, primando a equidade na prestación á poboación, independentemente de onde estea asentado o robot.

Os servizos de traumatoloxía do Sergas realizan anualmente arredor de 27.500 intervencións cirúrxicas, estimando que nun principio poderanse realizar co robot un 35-40 % das artroplastias, fundamentalmente de xeonllo e cadeira.

### **Beneficios para pacientes e profesionais**

Os sistemas robóticos son aparatos concibidos coa finalidade de axudar e mellorar a destreza e capacidade cirúrxica. O aumento e a mellora da destreza permiten ao cirurxián realizar manipulacións que, sen este sistema, serían imposibles nalgúns casos, proporcionando unha considerable mellora na seguridade das intervencións cirúrxicas.

A adquisición polo Sergas, en xullo de 2021, de 7 robots Davinci, situados en cada un dos hospitais de referencia das 7 áreas sanitarias, supuxo un fito importante para a organización por dotar os centros da última tecnoloxía en robots cirúrxicos. Eses equipos en cada centro son compartidos por varias especialidades, sendo as principais os servizos de cirurxía xeral, uroloxía, xinecoloxía e otorrinolaringoloxía, aínda que nalgún centro son utilizados tamén por cirurxía torácica ou cirurxía maxilofacial.

Para a súa implantación nos centros precisouse, nun primeiro momento, da creación de subcomités de cada especialidade, que se encargaron de definir os procedementos que se realizarían nos robots, os criterios de inclusión dos pacientes, así como os consentimentos informados para os pacientes. Posteriormente publicouse a Orde do 7 de decembro de 2021, que crea e regula un Comité Clínico de Cirurxía Robótica definindo a súa natureza xurídica e adscrición, composición, funcións e normas básicas de funcionamento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Comité constitúese como un órgano colexiado de ámbito autonómico e natureza técnico-facultativa, adscrito ao Sergas, e desenvolve as súas funcións, por requirimento deste organismo, para a normalización, coordinación e seguimento na utilización dos robots cirúrxicos.

O Comité está integrado ademais de por representantes de servizos centrais, polos sete programadores cirúrxicos das áreas sanitarias, e por un representante de cada un dos subcomités de cirurxía robótica, é dicir por un representante de cada servizo que utiliza o robot.

Transcorridos dous anos dende o inicio do funcionamento destes robots cirúrxicos, anos en que se acreditaron no seu uso 27 urólogos, 38 cirurxiáns xerais, 18 xinecólogos, 9 torácicos e 7 ORL, e se realizaron 3.200 intervencións, cunha excelente acollida polos profesionais e pacientes, valorada esta última a través de enquisas de calidade percibida, é o momento de ir expandindo estes robots a outras especialidades.

### **Técnica máis vantaxosa**

Cómpre sinalar que en cirurxía ortopédica e traumatoloxía, a utilización do sistema de cirurxía robótica para a substitución de xeonllo e de cadeira demostrou ser a técnica máis vantaxosa para o doente comparada coas manuais, supoñendo unha maior exactitude e precisión á hora de planificar a posición e o tamaño do implante, ademais de supoñer menor sangrado durante a cirurxía, menor dor postoperatoria, menor tempo de recuperación e de estancia hospitalaria e unha diminución das complicacións.

Un dos aspectos máis difíciles da cirurxía de substitución de articulacións é colocar os compoñentes individuais da articulación artificial na mellor aliñación posible para que encaixen e funcionen sen problemas. Polo tanto, o obxectivo principal dos dispositivos robóticos é de prover o cirurxián dunha ferramenta específica para executar, de forma exacta, os cortes óseos de acordo cunha precisa planificación cirúrxica previa, conseguindo así restablecer a cinemática e o balance de partes brandas do xeonllo primitivo. O brazo robótico proporciona retroalimentación táctil, visual e auditiva para axudar ao cirurxián a lograr a orientación desexada, o que pode mellorar a estabilidade e mobilidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### AS AXUDAS DA XUNTA PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA MOBILIZARÁN ARREDOR DE 48 M€

- O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a resolución das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais e as achegas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do *contract*
- Así, aprobáronse un total de 150 expedientes de axuda por importe total de case 16,5 millóns de euros
- Os beneficiarios foron pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal e do *contract* radicadas en Galicia que utilicen a madeira e os seus derivados, así como asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro
- Ambas liñas de axudas están encadradas dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, coa que se busca consolidar as pemes que conforman este sector

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural que dá conta da resolución de dúas liñas de axudas xestionadas pola Axencia Galega da Industria Forestal, que buscan mellorar a competitividade da industria forestal galega. Así, aprobáronse un total de 150 expedientes de axuda por importe total de case 16,5 millóns de euros, o que suporá un investimento público-privado mobilizado de 48 millóns de euros.

Concretamente, na liña de axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais houbo 116 beneficiarios que recibirán unha subvención de 14,1 millóns de euros. No caso da liña de achegas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do *contract* (conxunto de actividades orientadas ao deseño, fabricación, subministración e instalación de equipamento integral para construcións de uso colectivo) aprobáronse 34 expedientes por importe de 2,4 millóns de euros. En ambos casos falamos do maior importe convocado e concedido en cada unha destas liñas de achegas por parte da Axencia Galega da Industria Forestal.

Os beneficiarios foron pequenas e medianas empresas (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal e do *contract* radicadas en Galicia que utilicen a madeira e os seus derivados, a resina, a cortiza ou outros produtos de orixe forestal. Ademais, este ano tamén foron beneficiarias as asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro que tivesen base asociativa e prestasen os ditos servizos, sexan

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira. En todos os casos, os beneficiarios desenvolven a súa actividade en Galicia.

### **Axenda de impulso da industria forestal-madeira**

Ademais, cabe ter en conta que ambas liñas de axudas están encadradas dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, promovida pola Axencia da Industria Forestal en 2019 e revisada no ano 2022. O obxectivo que se busca con estas achegas é consolidar as pemes que conforman este sector, permitíndolles gañar en competitividade e apostando por procesos de produción con menor impacto ambiental.

Neste senso, a Axenda de impulso é unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

